

PALEOLÍTICO-MESOLÍTICO

* **Hío**: Cinco pezas de cuarcita que estaban no museo Massó, e tres machados achelenses de cuarcita gris atopados polo Sr. Requejo Buet.

* **As Cortes** (Donón): Un machado tallado en cuarcita gris atopado en 1974 por D. Javier Abalo.

* **Praia de Melide** (Donón): Unha lasca raspador e un pico tallado que estaban no museo Masso. Tres raspadores de cuarcita e unha lasca romboidal de cuarcita gris recollidas polo Sr. Masso

NEOLÍTICO-MEGALÍTICO

* **Praia de Barra** (Nerga): Dous machados pulidos de cuarcita, e outro machado cunha depresión para enmangar achado polo Sr. Requejo Buet.

* **Cova da Loba** (Donón): Na ladeira que descende cara a ría de Vigo, nos altos do Pozo da Serra, nunha cova pequena atopáronse fragmentos de cerámica moi groseira.

* **Curral da Vara** (Donón): Non menos de tres abrigos, localizados nas armadas que rompen esta parte da Serra.

CALCOLÍTICO

* **Regato das Forcadas** (Nerga): Atopáronse cerámicas con decoración campaniforme e dúas puntas de frecha (unha de pedra e outra de cristal de rocha) do tipo triangular. Foi localizado por D. Xosé Suárez Mariño en 1978.

* **Fixón** (Viño): Localízase no lugar de Viño, nuns terreos cuaternarios de áreas de deposición eólica, que forman unha paisaxe de dunas, que son propiedade de D. Avelino Otero e D. Antonio Lemos.

Documentáronse estruturas habitacionais sinxelas de pedra e buratos de poste con presenza de fogares. Todo conformaría un poboado composto por cabanas feitas con elementos vexetais, que usaban ataños cerámicos, con decoración campaniforme do tipo decorativo internacional ou marítimo (en bandas anchas, equidistantes e simétricas) e nalgunhas outras ca variedade lineal (liñas paralelas puntilladas). Posuían un incipiente desenvolvemento metalúrxico, fundindo os metais en crisóis cerámicos.

Os carbóns obtidos dunha fogueira permitiron poder encadralos, mediante os análises de C 14, no principio do terceiro milenio antes de Cristo. O xacemento foi localizado por D. Xosé Suárez Otero.

* **Lavapés** (Igrexario): Localízase nas terras pertencentes ó Igrexario, preto da praia de Arneles.

Era un asentamento aberto ocupado por un grupo humano de carácter itinerante, cun réxime económico baseado na recolleita de froitos na práctica dunha primitiva agricultura polo sistema de tala e roza. Hai uns pequenos coñecementos da metalurxia.

Os restos das estruturas do poboado son pouco claras aínda que hai algún fogar de pedras, bastante rechamante. Apareceron cerámicas con decoración metopada incisa do tipo Penha acompañada de materiais líticos como puntas de frecha, láminas de sílex e machados pulidos.

Cronoloxicamente este xacemento inscríbese a finais do segundo milenio antes de Cristo (ano 1980 a.C.). Foi descuberto ó efectuarse unhas gabias de cimentación, na propiedade de D. Xosé Luís de la Fuente, por D. Xosé Suárez Mariño, e escavado no 1981 e no 1982 por D. Antonio de la Peña Santos.

BRONCE

* **Liméns:** Unha punta de frecha do tipo palmela, que apareceu xunto a outra que conserva o Sr. Requejo Buet.

* **Deposito de Hío:** Foi achado nunha greta coñecida como Cova Podre, por Wenceslao Requejo no ano 1.913. Esta composto por seis machados de talón e unha anela, unha machada tubular, un escopro, tres puntas de lanza, tres ganchos de emgange tubular, dous brazaletes de bronce macizo, unha espada de folla en lingua de carpa, e varios fragmentos de dous caldeiros de bronce con remaches. O achado do Depósito de Hío é moi importante xa que nos amosa algúns dos obxectos de uso cotián que teñen unha forte representatividade entre as pezas que se fabrican neste período.

ARTE RUPESTRE

* **Os Mogüelos (Donón):** Á esquerda da estrada de Hío a Donón, a altura do ramal que vai ó Facho.

Composto por tres estacións. Na segunda hai dous puñais, un deles nervado, e circos simples. Na terceira dous deseños escutiformes ou idoliformes.

* **Os Olleiros (Donón):** Á esquerda da pista que vai de Donón a Cabo do Home, na ladeira que cae sobre da enseada de Barra.

Hai tres grupos de rochas. No primeiro identifícanse dous circos concéntricos e un circo simple; no segundo tres piletas, e no terceiro varias combinacións circulares, unha pileta e dous podomorfos.

* **Os Visos (Donón):** Unha parella de circos concéntricos e dous circos simples.

* **Tombo dos Visos (Donón):** Un circo simple, dúas parellas de circos concéntricos, unha espiral e tres figuras cuadrangulares.

* **Coto Rapado (Donón):** Un circo simple e un podomorfo de pé descalzo.

* **As Eiras (Nerga):** Representacións de armas e outros trazos.

- * **O Outeiriño** (Nerga): Combinacións circulares e piletas.
- * **O Pereiro** (Igrexario): Combinacións circulares.
- * **As Cortes** (Donón): Combinacións circulares.
- * **A Fontemilla** (Donón): Un circo simple.
- * **A Alada** (Vilanova): Un circo simple e varios podomorfos.

CULTURA CASTREXA

* **O Facho** (Donón): Localízase ó Norte de Donón nunha cota de altitude de 184 metros. O seu acceso é pola cara norte, seguindo un camiño empedrado. Desenrolouse en tres terrazas feitas na ladeira norte, protexidas dos ventos predominantes do Sur. Dende antigo téñense documentados achados cerámicos, e algunhas escavacións ilegais puxeron ó descuberto muros de aterrazado e partes de vivendas circulares.

No concheiro (vertedoiro de lixo) identificáronse os restos de bois, ovellas, maragotas, pragos, douradas e robalizas. Na zona mais alta foi construída unha garita de vixilancia costeira no século XVII, que aproveitou pedras do antigo poboado.

* **Monte do Castro** (Liméns): Localízase por riba da enseada de Liméns, nunha cota de 162 metros.

Desenrolase en tres terrazas. Non hai moita información sobre dos restos que puideron atoparse, ademais dos múltiples anacos de cerámica decorada castrexa.

CULTURA GALAICO ROMANA

* **As Ameas** : Apareceron tégulas, ánforas e ladrillos.

* **A Calaza** : Entre os viñedos encontráronse tégulas e cerámica galaico-romana.

* **Castro O Facho**: Este castro parece que tralo cambio de Era converteuse nun santuario, quizá motivado pola súa situación de finisterre e a súa localización tan abrupta cara ó océano. Atopáronse no seu recinto unha columna de granito, fustes de columnas, restos de capiteis e unha grande cantidade de aras decoradas con aspás e arcos. Ata o intre contáronse 32 fragmentos, máis unha que reaproveitaron na construción da garita e dúas (unha delas con epígrafe) que desapareceron. A meirande parte dos epígrafes están dedicados o deus BEROBREO (Deo Lari Berobreo), de orixe indíxena. Destas 32 só están estudadas e publicadas as 14 que depositaron no Museo Municipal de Vigo.

* **Villae de Pipín** (Pinténs): Localízase nun terreo por riba da praia de Pinténs. Descubríronse estruturas habitacionais pertencentes a un hipocausto (forno subterráneo para a calefacción dunha casa romana) cadrado que estaba comunicado cunha habitación rectangular absidiada. Tamén se encontrou outra habitación, simétrica á primeira e un patio.

Entre o material atopado pódese destacar unha machada de ferro, anacos de terra sigillata e tres ataños cerámicos que se puideron reconstruír, así como un pequeno bronce.

O fin desta villae produciuse por incendio, como se amosou na escavación que se realizou no ano 1974, onde se encontrou un nivel claro de incendio. Este xacemento está en relación cos tanques de salgazón existentes ó Norte da praia de Pinténs.

Foi descuberto por D. Xosé Suárez Mariño, en terreos propiedade de D. Jorge Ferreiroa.

* **Villae da Eirexiña (Nerga):** Localízase na punta Eirexiña ó este da praia de Nerga. Descubríronse estruturas ó facer un chalé, así como gran cantidade de cerámica galaico-romana. No borde da costa pódense apreciar distintos muros de contención dos terreos que compoñían o complexo. Ó seu pé téñense localizados catro tanques de salga, que case sempre están cubertos pola area da praia. Referencias recolleitas por E. Massó falan da existencia, cara a villae, na praia enterrado baixo a area, dos restos dun peirao romano.

(De: Traballos de Arqueoloxía I. 1987)

OUTROS MONUMENTOS

- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none">• Igrexa de San Andrés. (s.XII)• Capela de San Bartoloméu. (1593)• Capela de Santiago-Donón. (1972)• Cruceiro do Hío. Do século XIX, feito polo escultor Ignacio Cerviño.• Pazo do Outeiro.• Ponte de Liméns. | <ul style="list-style-type: none">• Fontes : Igrexario,• Muíños : 6 no río de Vilanova, 2 no río de Nerga• Garita do Facho.• Calzadas romanas : Liméns (estragada) e Donón-Facho. |
|--|--|